

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Marcha de homes polo sufraxio feminino en Nova York.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS	4
CONVOCATORIAS	5
SUXESTIÓNS	6
RECURSOS.....	7
NOVAS DO DUVI.....	10
NOVAS.....	11
DATOS.....	14
FERRAMENTAS DE IGUALDADE	15

ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
14	1	2	3	4	5	6	7
15	8	9	10	11	12	13	14
16	15	16	17	18	19	20	21
17	22	23	24	25 <small>Día Internacional das Nenas nas TIC</small>	26 <small>Día da Visibilidade Lésbica</small>	27	28
18	29	30	1	2	3	4	5

AXENDA

4 de abril. Mesa redonda. Desempeño profesional e liderado feminino: experiencias de egresadas da Facultade de Comercio. Salón de actos da Facultade de Comercio. Campus de Vigo ás 11:00 h.

18 de abril. Xornadas interuniversitarias sobre Submisión Química. Organizadas pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e as oficinas de Igualdade da Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela. O resto de información publicarase a través das canles habituais da UVigo unha vez confirmada.

FORMACIÓN

Xornada: Educación Social, corpos e territorios en paz. (ES) [+Info](#)

Máster online de formación permanente en prevención, detección e intervención de la Violencia Sexual desde una perspectiva interdisciplinar. (ES) [+Info](#)

Curso “Historia de la teoría feminista S. XVIII-XIX”. Coordinado por Rosa Cobo. Diputación de Jaén. [+Info](#)

Curso-taller online «Mulleres que se liberan: ferramentas feministas para a prevención de relacións tóxicas e autonomía emocional». (ES) [+Info](#)

Repertorio de cursos para dominar ferramentas dixitais. (ES) [+Info](#)

Capacitación en xénero de ONU Mulleres [+Info](#)

Oferta de cursos en liña para facer cadaquén ao teu ritmo en español, inglés, francés e árabe.

Saúde internacional das mulleres e dereitos humanos (EN) [+Info](#)

***Gender Analytics*: Equidade de xénero a través da especialización en deseño inclusivo** (EN) [+Info](#)

Visualización do traballo das mulleres: empregando medios artísticos para a xustiza social (EN) [+Info](#)

Sexuando o lenzo: arte e xénero (EN) [+Info](#)

IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdad (ES) [+Info](#)

Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

CONGRESOS E SEMINARIOS

I Congreso Feminismos e Humor: Humor-sofías [+Info](#)

Celebrarase os días 7 e 8 de maio de 2024 na Facultade de Filoloxía da USC.

European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)

Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural (CICELI) [+Info](#)
Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

CONVOCATORIAS

Chamada de achegas. Revista Gender On Digital. Journal of Digital Feminism. [+Info](#)

Premios provinciais á xuventude. (GAL) [+Info](#)

Chamada de achegas. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos para o 5º encontro da Sociedade de Economía de Xénero e Familia. (EN) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para a Conferencia En-Gender sobre xénero e política. (EN) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para o I Congreso Feminismos e Humor: Humor-sofías. (ES) [+Info](#)

Convocatoria dos Premios Ángela Ruiz Robles á Excelencia Académica para o alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2022/23 nas universidades do Sistema universitario de Galicia. (GAL) [+Info](#)

Premio DTIC - Enxeñaría UPF para investigadoras no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación. (CAT/ES/EN) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para promover a igualdade de xénero dentro do Programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV). (EN) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para previr e combater a violència de xénero e a violencia contra a infancia dentro do Programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV). (EN) [+Info](#)

Recepción de artigos para *iQual. Revista de Xénero e Igualdade*. (ES) [+Info](#)

Recepción de orixinais para o monográfico «Análises feministas do turismo: reflexión desde o sur», *Clepsydra. Revista Internacional de Estudos de Género y Teoría Feminista*. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas de investigación para monográfico sobre a ensinanza de linguas e literaturas a través dunha perspectiva de xénero. Ambigua: revista de Investigacións sobre Xénero e Estudos Culturais (ES) [+Info](#)

Asparkía Xénero e creación dixital [+Info](#)

Aberto o período de envío de artigos e reseñas ata o 31 de abril, en español, inglés e catalán.

SUXESTIÓNS

O día 11 de marzo celebrouse a Cerimonia dos Oscar. Un dos filmes galardoados foi *Poor Things*, co premio a mellor actriz para Emma Stone (entre outros) e numerosas nominacións, como a mellor dirección e mellor película. A obra, dirixida por Yorgos Lanthimos e baseada nunha novela de Alasdair Gray, conta a historia de Bella Baxter, unha muller á que un científico trae de volta á vida coa idade mental dun neonato. Tamén *Barbie* (Greta Gerwing, 2023) deu moito que falar, aínda que pola súa escasa presenza nos premios. Ao igual que *Poor things*, trata temas relacionados coa mirada masculina, a idealización e o control sobre o aspecto e o comportamento das mulleres.



Poor things (Yorgos Lanthimos, 2023)

Aproveitamos o éxito destas dúas películas para dedicar o apartado de «suxestións» ao mito de Pígmalión que tratan ambas obras. Este conta como un rei de Chipre, incapaz de atopar unha esposa que cumpra coas súas esixencias en canto a beleza, dedica o seu talento como escultor a crear esculturas de mulleres perfectas. Pígmalión acaba por namorar dunha delas, Galatea, que cobra vida por obra da deusa Atena.

Por extensión, alude á lenda de Pígmalión calquera obra en que un home «constrúe» a unha muller para adaptala aos seus propios estándares, sexa este proceso de creación literal ou figurado.

O mito foi recreado e reinventado numerosas veces, especialmente no cine. Fixéronse filmes explícitamente inspirados na historia, como *Pygmalion* (Anthony Asquith e Leslie Howard, 1938), *My fair lady* (George Bernard Shaw, 1964), *Pretty Woman* (Garry Marshall, 1990), *Maniquí* (Michael Gottlieb 1987) e *La piel que habito* (Pedro Almodóvar, 2011), e outros nos que o modelado dunha muller perfecta é un tema transversal, como é o caso de *A pantasma da ópera* (tanto a novela de Gastón Leroux coma as numerosas adaptacións á pantalla e o teatro), de *Rebecca* (a novela de Daphne du Maurier e a película de Alfred Hitchcock) e de *Million dollar baby* (Clint Eastwood, 2004).

A obra de teatro *Hellen Keller ¿a muller marabilla?* do grupo Chévere, recrea a vida da primeira muller xordocega que se graduou en 1904 en Harvard, enfatizando a intelixencia, o compromiso político e o activismo sufragista desta muller, fronte o retrato “clásico” de Hollywood quen, na película *O milagro de Ana Sullivan* (1962) reforza o estereotipo do pígmalión, un modelo educativo unidireccional e pasivo.




Hellen Keller, a muller marabilla?
(Grupo Chévere. 2024)



Ruby Sparks (Valerie Faris e Jonathan Dayton, 2012)

Tamén hai filmes que buscan subvertir este tópico, ademais das xa mencionadas *Barbie* e *Poor things*. Por exemplo, en **Ruby Sparks**, dirixida por Valerie Faris e Jonathan Dayton, o protagonista é un escritor que coñece a súa moza cando un dos seus personaxes cobra vida. Ademais, este filme subvirte o tópico da *manic pixie dream girl*, tan empregado en Hollywood.



Her (Spike Jonze, 2013)

A vixencia do Pigmalión fíxose patente aínda máis durante os últimos anos. Por exemplo, o feito de que asistentes virtuais como Siri e Alexa leven nome e voz femininas e cumpran os desexos dos seus propietarios sen protestar non deixa de recordarnos á manufactura das esposas perfectas robóticas que retrata a novela de terror *Stepford wives* (Ira Levin, 1972), levada ao cine e a televisión en varias ocasións. Xinoides e intelixencias artificiais están presentes en libros como *A eva futura* (Auguste Villiers de L'Isle-Adam 1886), filmes como *Blade Runner* (Ridley Scott, 1982) e obras de manga como *Ghost in the Shell* (Masamune Shirow, 1990). **Her**, película de Spike Jonze, achega a esta tradición unha intelixencia artificial que, malia que é introducida na historia como un instrumento, acaba por ser independente, humanizada e con sentimentos complexos.

A deshumanización das mulleres e a obxectualización dos seus corpos pódese ver no perfeccionamento e popularización das bonecas sexuais, tamén Galateas en certa maneira. Atopamos unha delas como catalizadora da historia en **Lars and the real girl** (Craig Gillespie, 2007).

RECURSOS

Plataforma por un emprego de fogar e coidados con plenos dereitos de Madrid. (ES) [+Info](#)

Novidades en materia de igualdade laboral. (ES) [+Info](#)

As IA xeradoras de imaxes adoitan ter resultados racistas e sexistas: pódense arranxar? (ES) [+Info](#)

Desafiando prexuízos sistémicos: unha investigación sobre o nesgo contra as mulleres e nenas en grandes modelos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

GeMeCo. Visualización de Brechas de Género en Medios de Comunicación. Calculadora instantánea de la proporción de mujeres y hombres citados en las noticias de los medios de comunicación online más influyentes de España. (ES) [+Info](#)

Protocolo común de actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e a adolescencia (2023) (ES) [+Info](#)

Muller e universidade: Que factores inflúen na elección dos seus estudos? (ES) [+Info](#)

Os efectos da IA na vida laboral das mulleres. (ES) [+Info](#)

Unha avaliación mundial sobre a protección das mulleres e as nenas fronte ao ciberacoso. (ES) [+Info](#)

Cómic feministas do 2023 (ES) [+Info](#)

- *Patos*, Kate Beaton (Norma). [+Info](#)

- *Roaming*, Killian Tamaki e Mariko Tamaki (La Cúpula). [+Info](#)

- *La espera*, Keum Suk Gendry-Kim (Reservoir Books). [+Info](#)

- *La maldición de la sal*, Hope Larson e Rebecca Mock (Roca Editorial). [+Info](#)

- *Mujer vida libertad*, antoloxía coordinada por Marjane Satrapi (Reservoir Books). [+Info](#)

- *Alison*, Lizzi Steward (Errata Naturae). [+Info](#)

Presentación do Estudo de Xénero en Empredemento de I+D+I. (ES) [+Info](#)

A elección de carreira e o seu impacto nas fendas de xénero no mercado laboral. (EN) [+Info](#)

iQual. Revista de Xénero e Igualdade. Num. 7. (ES) [+Info](#)

Vídeo da xornada «O impacto da IA no emprego e a fenda retributiva entre mulleres e homes». (ES) [+Info](#)

SomosLasFP- Documentación sobre as mulleres en estudos STEAM. (ES) [+Info](#)

Mulleres en streaming (ES) [+Info](#)

O impacto da violencia de xénero en España: unha valoración dos seus costes en 2016. (ES) [+Info](#)

As imaxes en liña amplifican o nesgo de xénero. (ES) [+Info](#)

Las rapadas, María Rosón. Libro completo. (ES) [+Info](#)

15 principios para unha divulgación científica inclusiva. (ES) [+Info](#)

Diferenzas de sexo no rol de mediación da mobilización política entre a busca do status e a asunción de riscos en adolescentes. (EN) [+Info](#)

Un estudo sobre a identificación da identidade xuvenil desde unha perspectiva de xénero na linguaxe de moda na rede: unha análise crítica do discurso. (EN) [+Info](#)

A visibilidade específica de mulleres do sur global nos medios do norte global. (EN) [+Info](#)

O poder de internet: desde a perspectiva do poder de negociación das mulleres. (EN) [+Info](#)

Asociación entre a retención das mulleres nas en campos STEM e relacionados e as ocupacións e especialidades dos seus cónxuxes. (EN) [+Info](#)

É hora de falar abertamente sobre menopausia na academia. (ES) [+Info](#)

Por que te vas? Un estudo sobre o abandono das axencias. (GAL) [+Info](#)

Estudo sobre a calidade da conciliación da vida familiar e laboral nas relacións colectivas de traballo en Galicia. (GAL) [+Info](#)

Como é formar parte da minoría nunha conferencia. (EN) [+Info](#)

Reflexión - Os homes historiadores explícanme cousas. (EN) [+Info](#)

Mulleres das pedras. Breves biografías dalgunhas xeólogas e paleontólogas que nos precederon. Libro completo dispoñible para descarga. (ES) [+Info](#)

Por que marchas? Un estudo sobre o abandono das axencias. (ES) [+Info](#)

Decálogo para unha comunicación da ciencia con perspectiva de xénero. (GAL) [+Info](#)

Revista ex æquo número 48. 2023. (ES) [+Info](#)

Informando de ciencia con ciencia. (ES) [+Info](#)

Guía para o litixio estratéxico de casos de violencia contra as mulleres na vida pública e política. (GAL) [+Info](#)

Presente e futuro das políticas de igualdade de xénero na educación superior: contribucións para un desenvolvemento humano e sostible. (EN) [+Info](#)

Conectando en igualdade: A transformación do futuro tecnolóxico. (ES) [+Info](#)

Atlas dos obxectivos para o desenvolvemento sostible 2023. (ES) [+Info](#)

Roles de xénero e coautorías nos hábitos de publicación académica. (EN) [+Info](#)

Dixitalización das mulleres en América Latina e O Caribe: acción urxente para unha recuperación transformadora e con igualdade. (ES) [+Info](#)

Diagnóstico das necesidades que demandan as familias beneficiarias do Fondo de Becas Fiscal Soledad Cazorla. (ES) [+Info](#)

Principais resultados da Presidencia española do Consello da Unión Europea en materia de Igualdade. (ES) [+Info](#)

Gender On Digital. Journal of Digital Feminism. 1ª edición. Sociedade dixital e nesgos de xénero [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

A cátedra Saramago leva a Lisboa as creacións das alumnas de Belas Artes. [+Info](#)

A Escola Infantil do campus contará con 51 prazas o vindeiro curso. [+Info](#)

A Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía entrega os seus premios de fotografía Muller.RME 2024. [+Info](#)



Verónica Laíño, Sandra Bastos, Iria Ollero e Antía Álvarez, gañadoras dos premios GirlGeekPower, co reitor e a directora da Unidade de Igualdade

Catro mozas, catro exemplos de excelencia académica nas carreiras STEM, reciben os premios GirlGeekPower. [+Info](#)

Cintecx e as facultades de Comunicación e de Comercio, novos centros que lucirán o Distintivo de Igualdade. [+Info](#)

A UVigo pecha a celebración do 8M cunha xornada sobre igualdade dirixida ao alumnado internacional. [+Info](#)

O outro canon das mulleres galegas, a través da ollada de Ruth Matilda Anderson. [+Info](#)

Cintecx presenta unha guía práctica para integrar a perspectiva de xénero nas investigacións tecnolóxicas e industriais. [+Info](#)

A UVigo celebra o 8M coa entrega do premio Uviguala 2024 a Elas Fan CienTec, iniciativa que «constrúe un mundo cheo de oportunidades». [+Info](#)

A conmemoración do 8M arranca no campus cunha xornada sobre as mulleres no teatro. [+Info](#)

Aprendendo dende a infancia que *Elas fan TIC*. [+Info](#)

Os estereotipos de xénero poden ter un «impacto profundo» na forma na que o alumnado universitario se comunica nas redes sociais. [+Info](#)

Profesionais da educación debaten sobre a representación da muller no sector e sobre como este as representa. [+Info](#)

Estudantes de Dirección e Xestión pública demandan «seguir traballando na consecución da igualdade de xénero». [+Info](#)

Unhas xornadas analizarán o papel do traballo social ante os grandes desafíos da sociedade. [+Info](#)

Unha exposición recrea a educación dunha nena na sociedade tradicional. [+Info](#)

Ciencias Empresariais e Turismo convoca un certame de fotografía co gallo do 8M. [+Info](#)



Verónica Salgueiriño, Soledad Torres e Ana Mejías co Premio Uviguala 2024

NOVAS

Sobre padres y el cuidado de los hijos: la intención no es lo único que cuenta (ES) [+Info](#)

‘Hellen Keller ¿la mujer maravilla?’ , una cautivadora obra sobre la ceguera, la izquierda y la fe (ES). [+Info](#)

O Ministerio de Igualdade investiga o uso de fondos para a violencia machista nunha “cea para mulleres” en Cercedo-Cotobade. (GAL) [+Info](#)

O número de agresións sexuais con penetración duplicouse nos últimos cinco anos en Galicia. (GAL) [+Info](#)

Algoritmos de redes sociales 'amplifican el contenido misógino' (EN) [+Info](#)

Día Internacional das Traballadoras do Fogar: urxe acabar coa inviolabilidade do domicilio. (ES) [+Info](#)

Que teño se me diagnosticaron Síndrome de Ovario Poliquístico. (ES) [+Info](#)

O racismo inmobiliario cébase coas mulleres migrantes en toda España. (ES) [+Info](#)

Un estudo revela que o 30% das fontes de información son mulleres e o 70% homes. (ES) [+Info](#)

Sobre pais e o coidado dos fillos: a intención non é o único que conta. (ES) [+Info](#)

Vivir o inimaxinable, a ONU denuncia a terrible situación das mulleres de Gaza. (ES) [+Info](#)

Mileva Einstein, teoría da tristeza, cando o físico quixo converter á súa muller e brillante matemática na súa criada. (ES) [+Info](#)

As vítimas de violencia de xénero aumentaron un 10% en España en 2023, con 533 mulleres cada día. (ES) [+Info](#)

Unha de cada catro rapazas de 14 a 17 anos foi vítima de violencia sexual no último ano en España. (ES) [+Info](#)

A cineasta Molly Manning explica en *How to have sex* todo o que nos ensinaron mal do sexo. (ES) [+Info](#)

O que seis xornalistas africanas queren que leas este 8M. (ES) [+Info](#)

A especialidade xudicial en violencia de xénero pon o foco no «sometemento» da muller polo «heteropatriarcado». (GAL) [+Info](#)

Unha de cada dez galegas en idade fértil ten endometriose: «Non podemos seguir pensando que a dor de regra é normal». (GAL) [+Info](#)

Desafiuzamento das mulleres no 8M: «Esta é a realidade da muller traballadora». (ES) [+Info](#)

Máis inversión en igualdade para acabar coa feminización da pobreza. (ES) [+Info](#)

Cintexc lanza a súa guía para engadir perspectiva de xénero á ciencia. (ES) [+Info](#)

Unha serie creada pola Xeración Z para as mulleres que a Historia colocou nas marxes. (GAL) [+Info](#)

Un 8M compartido que lles descubriu o feminismo ás mulleres novas do país. (GAL) [+Info](#)

Romper o «mito do violador» a través das narrativas audiocisuais. (ES) [+Info](#)

A desigualdade entre homes e mulleres vive tamén no deporte. (GAL) [+Info](#)

Ataque, usurpación ou manipulación: a ofensiva sionista contra os feminismos. (ES) [+Info](#)

Os homes fracciónanos e elas collen todas as semanas do tirón: así se usan os permisos por nacemento en España. (ES) [+Info](#)

A plataforma «Científicas e innovadoras» visibiliza preto de 400 mulleres que contribuíron na ciencia e a innovación. (ES) [+Info](#)

Falan as mulleres do CSIC acosadas sexualmente: «O capitán propúxome pasar a noite con el». (ES) [+Info](#)

Nova investigación apunta posibles motivos para o menosprezo de *Barbie* nos Oscar. (EN) [+Info](#)

- As mulleres, menos protexidas ante os riscos laborais. (ES) [+Info](#)
- Invisibles nunca máis: seis americanas que fixeron historia. (ES) [+Info](#)
- A revolución TIC, materia pendente do feminismo. (ES) [+Info](#)
- O Edificio de Ferro acolle unha mostra sobre a educación das nenas desde o século XIX. (ES) [+Info](#)
- O problema do machismo na educación, a debate. (ES) [+Info](#)
- Un de cada cinco homes cre que quedar na casa para coidar dos fillos o fai menos home. (ES) [+Info](#)
- Primeira directiva europea sobre violencia contra as mulleres. (ES) [+Info](#)
- Só 5 mulleres gañaron un premio importante de matemáticas nos últimos 90 anos. (EN) [+Info](#)
- Jeanne Deroin: unha líder feminista e socialista por descubrir. (ES) [+Info](#)
- Máis que unha pota: mulleres e economía popular nunha Arxentina en crise. (ES) [+Info](#)
- Unha de cada catro traballadoras do fogar sufriu algún tipo de violencia no traballo. (ES) [+Info](#)
- Primeiro día de produtos menstruais reutilizables gratuítos en Cataluña: «Pídenos máis as bragas e a copa». (ES) [+Info](#)
- O Supremo declara que o antigo complemento de maternidade das pensións non prescribe. (ES) [+Info](#)
- Do pupitre ao posto de traballo: así van afastando as matemáticas as nenas de mellores empregos. (ES) [+Info](#)
- A ONU obtén «información clara e convincente» de violencia sexual contra os reféns de Gaza. (ES) [+Info](#)
- Elas son máis sedentarias desde o instituto: estas son as barreiras que atopan as adolescentes e o que as leva a decantarse por pasear. (ES) [+Info](#)
- As mulleres só contan co 60% da protección legal dos homes no mercado laboral. (ES) [+Info](#)
- Ético xornalística e ollada de xénero: *As mulleres que opinan son perigosas*, outra volta en Pontevedra. (GAL) [+Info](#)

As Razóns do 8M: o 40% das asalariadas gaña menos do SMI e a fenda de xénero non mingua. (GAL) [+Info](#)

Asociacións feministas denuncian a actuación dun xulgado de Galiza que arrincou dous nenos da súa nai. (GAL) [+Info](#)

Vinte anos despois, reencontro coa obra múltiple e heterodoxa de Luísa Villalta. (GAL) [+Info](#)

Radiografía do desemprego en Galiza: seis de cada dez paradas son mulleres e medra a contratación temporal. (GAL) [+Info](#)

Os produtos menstruais xa son de balde en Cataluña. (ES) [+Info](#)

O senado de Francia aproba incluír o aborto na Constitución. (ES) [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo 2023 [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2024](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2024](#)

Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

